



UNHA NOVA CERTIFICACIÓN FORESTAL INDEBIDA A NORFOR CONCEDIDA POR BUREAU VERITAS

A FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA SOLICITA A SÚA SUSPENSIÓN

O pasado mes de xullo de 2010, a empresa de certificación Bureau Veritas, trala realización dunha auditoría, decidiu conceder á empresa NORFOR, filial forestal de ENCE, o certificado de xestión forestal sostible baixo estándares do FSC (Forest Stewardship Council), unha organización internacional de certificación cada vez máis cuestionada por conceder certificados de suposta sustentabilidade a empresas que incumpren de modo claro os propios principios e criterios do sistema.

O certificado FSC a NORFOR xa tiña sido concedido con anterioridade, no ano 2004, pero tras as queixas do movemento ecoloxista galego, asturiano e estatal, o FSC decidiu forzar a suspensión do certificado en 2008, feito que ENCE vendeu como unha renuncia voluntaria ao mesmo.

Desta volta, NORFOR e a empresa certificadora, neste caso Bureau Veritas, teñen utilizado a un truco para conseguir a certificación; en vez de certificar o conxunto dos montes que xestiona, as empresas teñen seleccionado unha pequena parte das parcelas, é de supoñer que aquelas que presentan un mellor “aspecto”, deixando a maioría sen certificar, concretamente certifícanse 3.700 Ha. dun total de 12.500 de plantacións. Con este certificado NORFOR pode vender os seus produtos como FSC mixturado e beneficiarse das vantaxes económicas do selo mantendo cunha xestión absolutamente insostible a maioría das súas parcelas. Pero con esta estrataxema, NORFOR recoñécese a si mesma como unha empresa incapaz de cumprir cos criterios máis elementais de sustentabilidade nas súas plantacións, que desta forma non se poden considerar que realicen unha xestión forestal “ambientalmente responsable, socialmente beneficiosa e economicamente viable”, para que poda ser recoñecida polo FSC.

Pero, para a Federación Ecoloxista Galega, nin tan solo esta mínima parte das plantacións da empresa certificadas está xestionada con criterios de sustentabilidade. As técnicas de traballo forestal practicadas, coa introdución de maquinaria pesada e destrución do perfil do solo e o uso e abuso de agrotóxicos (abonos químicos, herbicidas e insecticidas) provocan un forte impacto e favorecen a erosión, atentan contra a biodiversidade e contra actividades tradicionais como a apicultura ou a gandería.

O resumo do informe de auditoría realizado por Bureau Veritas no que se xustifica a certificación (http://www.es.fsc.org/documentos/Informe_FM_Norfor.pdf), é un documento que non aporta evidencias do cumprimento dos estándares españois que permita comprobar si a xestión forestal de NORFOR se corresponde cos mesmos. En realidade, Bureau Veritas non ten analizado o sistema de xestión forestal, que dista moito de ser sostible; o informe é máis ben unha cortina de fume que intenta describir como sostible unha actividade forestal fortemente impactante. Bureau Veritas non parece ter comprobado os efectos negativos do monocultivo de eucalipto nin os problemas sociais e ambientais que provoca, simplemente, dentro da simbiose de intereses económicos que benefician á certificadores e certificados, o cobro do proceso de certificación por parte dos certificadores e os beneficios obtidos polo sobreprezo dos produtos certificados, se aparenta dar cumprimento aos trámites necesarios.

Si a suspensión do selo no ano 2008 abría unha esperanza, a de que FSC puidese recuperar o seu prestixio perdido con certificacións indebidas, este paso dado por Bureau Veritas a empañá. A certificación de NORFOR degradará máis a valoración social de FSC e o recoñecemento dun produto con este selo como de fonte sostible queda en entredito.

Conscientes do dano que a certificación fraudulenta de NORFOR por parte de Bureau Veritas vai provocar ao sistema FSC e do engano que supón colocar un selo de xestión forestal sostible aos produtos elaborados co eucalipto de NORFOR, a Federación Ecoloxista Galega ven de solicitar á empresa certificadora e ao propio FSC a suspensión do certificado de xestión forestal sostible baixo estándares FSC concedido a NORFOR e iniciará un proceso de reclamación para que esta suspensión se faga efectiva canto antes.